

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA DO PORRIÑO ARELA PARA REALIZACIÓN DO XIV FESTIVAL DE CANS DE CURTAMETRAXES 2017

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa **Asociación Cultural e Deportiva do Porriño Arela** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o dende **a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017**

Que o instrumento convencional ten por obxecto:


A colaboración na organización da XIV edición do Festival de Cans de Curtametraxes, que se desenvolverá dende o 24 ao 27 de maio de 2017, a través dunha programación que abrangue proxeccións de filmes –das que un mínimo de 20 serán de produción galega–, coloquios, encontros de profesionais, música, actividades didácticas infantís e aulas de formación para a veciñanza.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Agadic, atendendo aos seus fins de fomento da demanda de produtos culturais e impulso na difusión do patrimonio cultural galego, e de cara a unha maior eficacia dos recursos dispoñibles, considera necesario promover a relación entre os distintos axentes culturais galegos no ámbito audiovisual, establecendo programas de cooperación con outros entes con fins semellantes ou complementarios.

A colaboración, neste caso, coa Asociación Cultural e Deportiva do Porriño Arela busca indicir nun maior coñecemento da produción audiovisual e posibilitar un enriquecemento e variedade da oferta cultural no concello do Porriño, polo que ambas as entidades consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante o ano 2017 que afonden na promoción, potenciación e difusión do sector audiovisual a través da organización das actividades obxecto deste convenio.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

